

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Camba Mejuto

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dous de febreiro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove horas trinta

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 28 de xaneiro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- APROBACIÓN DA I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Por Resolución da Alcaldía de data 12/03/21 resolveuse a adhesión do Concello ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia de Pontevedra para a implantación, formación,

soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica. A vixencia inicial do Convenio fixouse nun ano, a partires do día 1 de abril de 2021, prorrogable expresamente a través de addenda ata un máximo de catro anos.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 23/12/21 acordouse a prórroga do correspondente contrato, e por acordo do mesmo órgano de data 28/01/22 dispúxose aprobar unha primeira addenda ao Convenio, autorizando a prórroga do mesmo ata o día 10 de marzo de 2023.

A prórroga acordada considérase beneficiosa para os intereses municipais ao obxecto de continuar asegurando no Concello o cumprimento das obrigas que, en materia de administración electrónica, a lexislación vixente impón ás diferentes administracións públicas, así como para a xestión dos expedientes municipais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación á I Addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas da addenda ao convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine a addenda ao convenio e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

3.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMIENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DO INTERESADO

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (██████████) iniciado a instancia de parte:

- Comunicación previa de execución de obras de PECHE LATERAL DE PARCELA, no lugar da Cavada, parroquia de Rodeiro, instada por Don RUBÉN PERFECTO QUINTÁ QUINTÁ con data 6 de outubro de 2021 (RE núm. 1718).

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado polo interesado con data 25 de xaneiro de 2022 (RE núm. 110).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistido a D. RUBÉN PERFECTO QUINTÁ QUINTÁ do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

4.- RECOÑECIMENTO DE TRIENIO AO SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO

VISTA a solicitude formulada polo secretario-interventor do Concello Don José María Novo Ramos (RE-E núm. 47, do 02/02/22) solicitando o recoñecemento do undécimo trienio con efectos económicos do día 1 de febreiro de 2022.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os recoñecementos dos anteriores trienios por parte dos órganos competentes das distintas Administracións Locais onde ten prestados os seus servizos.

RESULTANDO que efectuado o cómputo do total dos servizos prestados perfecciónase o undécimo trienio o día 5 de xaneiro de 2022, polo que producirá efectos económicos dende o primeiro día do mes de febreiro de 2022.

VISTAS a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento dos servizos previos na Administración Pública, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao funcionario Don José María Novo Ramos o seu dereito a percibir o undécimo trienio con data de consolidación do día 5 de xaneiro de 2022 e con efectos económicos do día 1 de febreiro de 2022.

5.- AUTORIZACIÓN PARA AUMENTO DE XORNADA ADXUDICADA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2021-2022

VISTA a instancia presentada por Dona Eva María Areán Diéguez, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 151, do 01/02/22), pola que solicita o aumento da xornada que ten asignada a súa filla Aitana Dabouza Areán como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2021-2022, pasando da quenda de tarde inicialmente concedida á de xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes a esta data na quenda solicitada, de conformidade co informe favorable emitido polo Departamento municipal de Servizos Sociais en data 01/02/22, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar o aumento de xornada solicitado, con efectos do día 1 de febreiro de 2022.

6.- DESIGNACIÓN DE VOGAIS DO XURADO DO XVI CONCURSO INFANTIL E XUVENIL DE POSTAIS DE NADAL

De conformidade co establecido na base cuarta do XVI Concurso infantil e xuvenil de postais de Nadal, a Xunta de Goberno Local, a proposta da

Sra. concelleira-delegada de cultura e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda designar vogais integrantes do xurado a constituír para a valoración dos traballos presentados ao devandito concurso ás seguintes persoas:

- Don Ernesto Fernández Guerra, mestre do Centro Público Integrado (CPI) de Rodeiro.
- Dona María González García, mestra do Centro Público Integrado (CPI) de Rodeiro.

7.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL INDEFINIDO DO CONCELLO

Con datas 3 e 11 de xaneiro do corrente (RE núm. 3 e 43) Dona Inés Vence Lamas, traballadora laboral indefinida do Concello coa categoría de mestra do Punto de Atención á Infancia (PAI), presenta minuta asinada para o recoñecemento de tres (3) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2022, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de tres (3) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de febreiro de 2022.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 210,66 €
Por subministro de diverso material de oficina, s/factura núm. 22A48 (FACe).
- PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA S.L.P. 786,50 €
Honorarios por dirección da obra de “Acondicionamento e mellora de lavadoiro e fonte no lugar de Guillar”, s/factura núm. PXT 22-004 (FACe).

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 578,39 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 44.
- ALFONSO RIVAS CARDELLE 565,00 €
Por traballos de reparación do vehículo da AVPC, s/factura núm. 473.
- PABLO GARCÍA PAIS 1.084,33 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2022-0008.
- ALFONSO RIVAS CARDELLE 659,28 €
Por traballos de reparación do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 476.
- COSAPLAG S.L.U. 308,55 €
Por tratamentos de desinfección do Centro de Saúde para a crise sanitaria do COVID-19, s/factura núm. 20220206.
- PILAR PRESAS CALVO 150,00 €
Por invitación institucional aos colaboradores na cabalgata dos Reis Magos, s/factura núm. 45.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)